

ENTREVISTA

Que foi o que lle atraeu da figura de Romasanta, para dedicarlle esta investigación?

-En primeiro lugar, era un reto, como o foi tamén estudar a bruxería. Porque, para a maioría da xente, pensar que existen meigas ou crer que unha persoa se pode converter en lobo... son as supersticións máis inadmisíbeis da nosa tradición. E o que me atraía era demostrar como, incluso neses casos extremos, a xente non é irracional nin ignorante, senón que as súas crenzas teñen unha función práctica. Nas miñas investigacións, a idea última é mostrar que a nosa tradición non ten falta de lóxica e de racionalidade, e o de Romasanta era un caso extremo. Por outro lado, como eu estudara moito o simbolismo dos animais, interesábame cal podía ser a razón que levou a este individuo a creerse lobo.

- E cal é, entón, esa función simbólica que se agocha baixo a figura do lobo?

-Os lobishomes representan o que podíamos chamar hoxe o violador; deliñan un ser luxurioso e violento, porque o lobo ten esas dúas características: por un lado, configura o animal da nosa fauna que ataca con maior fereza ás súas víti-

nuela -e non Manuel- Branco Romasanta?

-Non é só a partida, que resulta fundamental, evidentemente, senón todos eses comportamentos dos que falan as testemuñas: unhas maneiras moi afeminadas, que chamaban a atención de todos. Claramente, iso está relacionado co seu problema vivencial e sexual, e remata por convertelo nun asasino. Non é que el sexa vítima dunha superstición, senón que ten problemas psíquicos. Esa clase de problemas, en cada época, maniféstase dunha determinada maneira, dependendo dos modelos que fornece a propia sociedade: os casos daqueles que se cren Deus, evidentemente danse nunha sociedade cristiá. Por que se cría el un home lobo? Pois porque na súa xeira falábase de lobishomes, unha crenza que tiña unha función positiva, que era a de educar aos homes para que non foran violadores. Pero tamén podía haber persoas desequilibradas psíquicas que asumiran ese papel, como foi o caso de Romasanta.

- Cal era a alteración sexual que padecía?

-Como apunto no libro, el nace muller e aos quince anos reafirmase como neno; aí houbo, entón, un cambio de xénero. Consulteino con

especialistas médicos e, tendo en conta os datos cos que contamos, o máis probábel era que sufrira un síndrome adrenoxenital: un problema das glándulas adrenais que fai que produzan moitos andróxenos, hormonas masculinas, de tal maneira que unha nena acaba convertida, non en varón, senón nun estadio intermedio. Un ser hermafrodita coma el non era admitido na súa época.

- Isto dálle pé a Vde. para falar desoutas culturas -os navaho, os chukchee siberianos, os azande,...- que admiten máis de dous xéneros...

-Así é. Eu poño exemplos doutras sociedades nas que non tería ningún problema social, porque admiten perfectamente os hermafroditas, e incluso lles dan un papel recoñecido e de valor. Nun medio semellante sería normal, pero na sociedade tradicional nosa, na que non se admitían máis que machos e femias, foi un marxinado. De certo, sufriu malos tratos, dende logo burlas, e iso desembocou nun problema psíquico que o converteu nun asasino. Non quere dicir que todos os hermafroditas acaben en asasinatos. Seguramente el sufriu malos tratos por parte da familia e algunha outra cousa que se nos escapa

que non aparece nos datos que coñecemos, pero o caso é que o seu problema de xénero é a base desoutro problema mental que o convertería en asasino, no máis terríbel do que sabemos nese tempo. Vinte anos anterior a Jack O Destripador, é o primeiro grande asasino da sociedade moderna.

- Dende o punto de vista da psiquiatría, podería dicirse que era un psicópata, daquela?

-Todos os especialistas cos que falei coinciden en que si era un psicópata. Pero un psicópata, normalmente, non se cre transformado en home lobo ou algo semellante. Sufría, entón, outro transtorno, pero é complicado determinalo, xa que non temos dados dabondo. Os especialistas non din que se poida asegurar exactamente, porque habería que falar directamente con el, e aínda así, sería difícil. Non saben se era un mentireiro patolóxico, que mentiu para que non o condenaran a morte, ou, máis ben, o que poderíamos chamar un histérico que cría de veras na súa propia transformación.

- Antes falaba de Jack O Destripador. Romasanta tivo tanta transcendencia mediática como o asasino londinense?



FOTO: ELI REGUEIRA

mas; e, por outra banda, era considerado luxurioso porque, como todos os cánidos, o macho e a femia, cando copulan, quedan unidos entre dez e vinte minutos. Ademais, ao lobo auméntalle moito os testículos cando está en celo, á loba abúltalle a vulva... Entón, para representar aos homes e, sobre todo, aos varóns que son violentos e luxuriosos, falábase de homes lobo. Queríase representar iso mesmo: que o violador, o que usa a forza para conseguir unha muller, é, en realidade, unha besta violenta. Esta crenza ten esa función positiva de darnos unha imaxe negativa dos violadores. En contra do que pensa a xente, crer en homes lobos non era malo, porque os homes lobo existen. Existen en canto que representan unha realidade, que son os violadores. Agora, por que Romasanta se cre home lobo? Precisamente, porque el se comportou así: era luxurioso, abusou das mulleres e matounas. No fondo, acabou por identificarse con esa figura porque entendía ben o que representaba.

- Que o puido levar a comportarse dese xeito, a converterse nun asasino?

-A súa propia historia creo que o explica: o mesmo nacemento, a súa problemática vivencial e sexual é o que, no fondo, o leva a pensar que el é un home lobo.

- Un dato fundamental para comprender isto é esa partida de nacemento na que aparece como Ma-

Xosé Ramón Mariño Ferro

“Romasanta é o primeiro grande asasino da sociedade moderna”

Manuela Branco Romasanta, o lobishome asasino (*Nigratreá*), de Xosé Ramón Mariño Ferro, constitúe unha detallada crónica do caso que conmocionou Europa na primeira metade do século XIX. Pero, sobre todo, conforma unha valiosa investigación coa que o autor busca aclarar as razóns que levaron a un psicópata marcado por unha alteración sexual- a creerse un home lobo.



NATALIA ÁLVAREZ

-Todos os xornais de Europa falaron del. De feito, houbo un médico francés, Mister Philips, que leu todo o caso e que quixo estudalo desde a hipnose. Entón si que foi coñecido, pero a Administración da época quixo tapalo, xa que lles parecía unha vergoña que un cidadán español se crese home lobo. Era un momento de modernización, de Ilustración; non entendían o transfondo das crenzas tradicionais, parecíalles algo propio da Idade Media e, polo tanto, ocultárono o máis rapidamente posíbel. Tampouco a xente da súa parroquia quixo saber nada del; estaban avergoñados, cando non é una cousa da que haxa que avergoñarse, toda vez que se trata dun enfermo. Un enfermo asasino, pero como os que hai hoxe: xente que ten que estar no cárcere e ser castigada, desde logo; pero non é consecuencia de ningunha superstición, senón dunha enfermidade.

- Faltan cousas por investigar da historia de Romasanta, detalles que quedan na escuridade?

-Detalles faltan, pero non creo que se poidan saber nunca. Por exemplo, non sabemos como mataba ás vítimas. Decía que as mordía e que as comía, pero non sabemos se iso é verdade. Tampouco sabemos os malos tratos que recibiu; pódense intuír porque a súa relación cos pais era mala, pero son cousas que quedarán sen saber, dado qued non aparecen no proceso.